

INFORME - PROPOSTA

ANTECEDENTES:

O artigo 6 da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería (BOP 121 do 27/06/2014), coa modificación publicada no BOP 151 do 10/08/2016, permite modificar os horarios das terrazas previstos nese artigo por medio de decreto do concelleiro responsable.

Por decreto do 26/03/2015 acordouse equiparar o horario festivo do verán ao período de Nadal e Semanan Santa de xeito que o horario máximo de peche das terrazas autorizadas sexa ás 01:00 horas sen que en caso ningún se supere o horario autorizado á actividade principal.

Nos sucesivos anos procedíase a ditar decretos co obxecto de ampliar os horarios das terrazas, ampliándoo ata as 02:00 horas durante a semana grande de festas de Ferrol.

Co fin de unificar os horarios para todos os períodos vacacionais e de festas na cidade, evitando ter que ditar contínuos decretos ao respecto, así como co de actualizar, polas circunstancias concorrentes, os horarios xerais para o resto do ano, procede ditar un novo decreto que modifique os horarios fixados no artigo 6 da citada Ordenanza e nos decretos anteriormente ditados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 6 da Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería establece o seguinte: "*O horario de funcionamento de todas as terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 01:00 horas nos meses de xullo, agosto e setembro; ata as 23:00 horas durante o resto do ano entre semana, e ata as 24:00 horas en venres e sábados, podendo prorrogarse en época de festas. En ningún caso superará o horario autorizado para a actividade principal. // Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía.*"

E a Disposición Adicional Terceira da mesma ordenanza dispón: "*Habilitase á Alcaldía-Presidencia ou ao Concelleiro que teña delegadas as competencias en funcións urbanísticas para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.*"

O decreto de delegación de competencias do 08/07/2019 atribúelle ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centros de Recursos Informáticos e Organización Interna todo o relacionado en xeral coa actividade urbanística municipal.

Consonte cos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos, formúlolle ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

ÚNICO.- Modificar o horario de funcionamento de todas as terrazas nos períodos de vacacións escolares de Nadal e Semana Santa, así como durante os meses de xullo, agosto e setembro, e as vísperas de festivos locais, autonómicos ou nacionais, ata as 02:00 horas, sen que en caso ningún

EXPEDIENTE: XEF 2/19 Cívidas 2019125390

TIPO DE EXPEDIENTE: TERRAZAS DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTELERÍA

TRÁMITE: DECRETO DE MODIFICACIÓN DE HORARIOS

supere o horario autorizado á actividade principal.

O horario para o resto do ano entre semana será ata as 24:00 horas e para vernes e sábado ata as 02:00 horas, sen que en caso ningún supere o horario autorizado á actividade principal.

Con todo, vostede resolverá o que considere oportuno.

Ferrol.

O xefe da Sección de Urbanismo e Infraestruturas
Angel de Nicolás Sánchez

DECRETO.- Examinei a proposta precedente e apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna, por delegación da Alcaldía de 08.07.2019 no Pazo Municipal de Ferrol,

**O concelleiro delegado da Área de Urbanismo
e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e
Rehabilitación, Contratación, Centro de
Recursos Informáticos e Organización Interna,
PD**

**Diante miña,
O secretario xeral**

Julián Reina Villalón